Concello de AMES

ACTA DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA (2ª CLASIFICACIÓN) E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO (CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN: FACTOR PREZO) SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUN NOVO PAVIMENTO DEPORTIVO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BERTAMIRÁNS. PAS COMPLEMENTARIO 2015.

Na Casa do Concello de Ames sendo as doce horas do día cinco de xuño de dous mil dezaoito reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación do procedemento aberto para o subministro e instalación dun novo pavimento deportivo no pavillón polideportivo de Bertamiráns.

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Manuel Miñones Conde, alcalde da Corporación.

Vogais:

- Dona Rosa Ana Prada Queipo, secretaria da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

Secretario: Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, o secretario, a indicacións do presidente da Mesa expón que, na anterior reunión da mesa de contratación de 3 de maio de 2018**,** procedeuse á clasificación de ofertas e acordouse: *"darlle traslado ó órgano de contratación da lista de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adxudicación da realización do subministro e instalación dun novo pavimento deportivo no pavillón polideportivo de Bertamiráns á empresa **GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL** con CIF B-36495604 no prezo de cincuenta e seis mil novecentos euros **(56.900,00.- €)**, máis o IVE correspondente que ascende a cantidade de once mil novecentos corenta e nove euros **(11.949,00.- €)**, así como no resto das condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria".*

Con data 11 de maio de 2018 a Xunta de Goberno Local da Corporación acordou a clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación para a adxudicación do subministro e instalación dun novo pavimento deportivo no pavillón polideportivo de Bertamiráns á empresa **GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL** con CIF B-36495604.

Dito acordo foille notificado a todas as empresas admitidas no procedemento de contratación, concedéndolle á empresa proposta como adxudicataria un prazo de dez días hábiles para presentar a documentación solicitada e necesaria para proceder á adxudicación do subministro e instalación do novo pavimento deportivo no polideportivo de Bertamiráns.

Con data 1 de xuño de 2018 a empresa GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL presenta escrito, a través da sede electrónica do Concello de Ames, no cal expresa a súa renuncia ó procedemento de

Concello de AMES

contratación adxudicado por imposibilidade de levalas a cabo, debido á carga de traballo da empresa.

A vista deste feito, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes na reunión **ACORDA:**

1º.- Trasladar ó órgano de contratación a exclusión da licitación da empresa GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL, á vista do escrito de renuncia presentado pola empresa, no que renunciaba á adxudicación do subministro e instalación do novo pavimento deportivo no polideportivo de Bertamiráns.

A continuación procédese a unha nova valoración dos sobres C que conteñen a documentación correspondente ós criterios avaliables mediante aplicación dunha fórmula obténdose o seguinte resultado:

Tipo de licitación sen IVE: 67.628,94 €.

	Empresa	OFERTA ECONÓMICA	PUNTOS
7	MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS SL	60.495,00	24,16
5	CYS HISPANIA SL	60.866,05	23,18
3	VIA GLOBAL FLOORING SL	63.250,00	15,64
2	INSTALACIONES DEPORTIVAS GALLEGAS SL	64.247,00	12,31
6	CONSTRUCCIONES M. ESPIÑO SL	65.261,92	8,91
8	MONDO IBÉRICA SA	66.256,07	5,59

Unha vez obtida a puntuación total acadada polos licitadores, a Mesa de contratación de acordo co establecido na Lei de contratos do sector público procede a elaborar a lista por orde decrecente de puntuación, resultando o seguinte:

	Empresa	OFERTA ECONÓMICA	PUNTOS
7	MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS SL	60.495,00	24,16
5	CYS HISPANIA SL	60.866,05	23,18
3	VIA GLOBAL FLOORING SL	63.250,00	15,64
2	INSTALACIONES DEPORTIVAS GALLEGAS SL	64.247,00	12,31
6	CONSTRUCCIONES M. ESPIÑO SL	65.261,92	8,91
8	MONDO IBÉRICA SA	66.256,07	5,59

A vista das puntuación obtidas, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Concello de AMES

1º.- Trasladar ó órgano de contratación a exclusión da licitación da empresa GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL, á vista do escrito presentado pola empresa no que renunciaba á adxudicación do subministro e instalación do novo pavimento deportivo no polideportivo de Bertamiráns.

2º.- Trasladar ao órgano de contratación a lista de licitadores por orden decrecente de puntuación (2ª clasificación) e propoñer a adxudicación da realización do subministro e instalación dun novo pavimento deportivo no pavillón polideportivo de Bertamiráns á empresa **MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS SL** con con CIF B-70195870 no prezo de sesenta mil catrocentos noventa e cinco euros **(60.495,00.- €)**, máis o IVE correspondente que ascende á cantidade de doce mil setecentos tres euros e noventa e cinco céntimos **(12.703,95.- €)**, así como no resto das condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as doce horas e catorce minutos do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.